

XI Limpeza Simultánea de Praias 2022

15,17 e 17 de Outubro



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental
adega@adega.gal
www.adega.gal

Descrición xeral da actividade

Durante a pasada fin de semana (14 e 15 de Outubro), máis de **30 entidades** e máis de **1000 persoas** sumaron os seus esforzos ao longo do litoral galego para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño. Nesta undécima edición da Limpeza Simultánea de Praias retirouse, en total, case **unha tonelada de lixo** dos nosos areais.

Resultados obtidos

Aínda que o tempo non acompañou, non foi impedimento para a maioría das persoas voluntarias realizaran a acción, aínda que algunhas foron canceladas e foron realizadas ao longo de seguinte semana.

Foron chamados a participar na limpeza de praias e denunciar esta problemática os centros de ensino, as escolas de surf, os centros de mergullo, os clubs de piragüismo e vela, pescadores, mariscadoras, concellos, e entidades de todo tipo, tanto públicas como privadas, ademais das persoas particulares.

Entre o lixo atopado nos nosos areais sempre teñen moita presenza as cabichas, os pauciños de limpar os ouvidos e restos de plástico e bateas. Sempre nalgún areal aparecen residuos algo máis chamativos como: botas de pescador, unha viga de aceiro, cadeiras de praia e incluso roupa esquecida.... Con este tipo de accións ADEGA pretende dar a coñecer a problemática nos nosos areais despois da tempada de turistas, a importancia de conservar limpas a nosas praias e evitar que así o lixo acabe no mar.

Conclusión e valoración da execución.

A Limpeza Simultánea de Praias segue a ser un éxito, a participación é moi boa.

ADEGA quiere subliñar que as limpezas de praias non debe ser un feito illado, e convida a calquera persoa a recoller o lixo do litoral sempre que poida. As limpezas de praias deben facerse de xeito manual, respectando os ecosistemas dunares, e tendo especial coidado coa fauna e flora que nelas habita. O obxectivo principal deste tipo de actuacións é crear conciencia e alertar da cantidade de plástico que producimos e tiramos, e as consecuencias que isto ten.

Pódense ver as fotos das diferentes actuacións na seguinte ligazón: [Fotos da limpeza](#)

Cadro participación.

Concello	Colectivo	Praia	Kg retirados	nº participantes
Vilanova de Arousa, Pontevedra	IES a Basella	Terron	15	130
Marín, Pontevedra	CEIP de Ardán	Lapamán (Bueu)		
O Grove, Pontevedra	IES monte da vila	Area da Cruz		
Fene, A Coruña	AETNA	Riveira de Maniños		
Bouzas, Vigo	CEE San Rafael	Praia de Alcabre,Praia de Carril		
Miño	IES de Arzua	Praia de Miño Grande	50	100
Oleiros, A Coruña	Prado surf	Playa de Bastiagueiro		
Cangas, Pontevedra	CEIP de Cangas	Rodeira		
Teis	A semente Vigo	Praia da Punta	4,5	20
O Grove	IES AS Bizocas	Area Cruz	50	127
Porto do Son	CEIP de Portosin	Praia de Coira" e "Praia da Gafa"	80	130
Nigrán	Concello de Nigrán	Praia de Cansadoura e Praia do Carreiro		
Nigrán	Prado Surf	Patos		
Foz	CEIP de Foz	Rapadoira	20	53
Vigo	AJPS	Praia de Sobreira y A Buraca		14
Fisterra	Concello de Fisterra	Sardiñeiro,Langosteira e Mar de Fóra.	110	100
Cangas	CEIP SAN ROQUE DE DARBO.	Praia de Areamilla e Praia do Medio	25,5	36
Ares	Agrupación Instrutiva de Caam	Area Morta	12	25
Ares	Concello de Ares	Area Morta		
Pontevedra	IES Poio	Praia de Lourido	40	50
Ferrol	CEIP Plurilingüe A Laxe	San Xurxo		
Nigrán	Ceip de Mallón	Praia América	11	138
A Guarda	Concello	Codesal	50	19
Ferrol	ANPa do San Xoan de Filgueira	Cabanas		
Muros	Concello de Muros	Praia Area Maior		
Fene	CPI A Xunqueira	Regueiro (San Valentín - Fene)		
Muros	CEIP de Louro	San Francisco		
Noia	Scout Chan	Gaivotas	40	80
Muros	CEIP Ramon Artaza	Praia a Virxe do Camiño e Praia da Rocha	75	
Viveiro	Asco_ Prato_Do	Praia DE Area	15	13
Vilgarcía de Arousa	IES Armando Cotarelo Valledor	Praia de Compostela	24	110
Muros	CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío	Praia de Parameán		
Muros	EEI de Muros	Praia do Cabo,		
Baiona, Pontevedra	IES Primero de Marzo	Praias da Península de Monte Boi		
Portonovo	CEIP Portonovo	Canelas e Paxariñas		
Lugo	ADEGA Lugo	Areoura	200	12
Cangas	EOI VIGO - CANGAS)	PRAIA DOS ALEMANS e prais das RATAS	8	50
Bueu	Particulares	Praia de Ancouradoiro e Mourisca	75	12
A Coruña	CPR Colexio Plurilingüe os Frar	Praia de Riazor	12	20
Cangas	Asociación de vecinos	Praia de San Cibrán	10	20
		TOTAL	927	1259

Notas de prensa.

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Inicio / Axenda / Educación ambiental / XI Limpeza simultánea de praias para o 14...

09/14/10/2022 15:18:2022

XI Limpeza simultánea de praias para o 14 e 15 de outubro

Una ano máis desde a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organizamos a XI Limpeza Simultánea de Praias.

Como todos os anos este conxectivo da Limpeza Simultánea de Praias vai celebrar en outubro (14 e 15 de Outubro). O que se pretende con esta limpeza é, ver o impacto do turismo nos nosos areais, e intentar que o mar se leve a menor cantidade de lixo posible antes dos grandes temporais.

ADEGA convoca de novo a todas as entidades interesadas a unirse neste evento contra a contaminación mariña. Centros de ensino, escolas de surf, centros de mergullo, clubs de praguismo, viais, pescadores, mariscadores, asociacións de todo tipo, concellos ou grupos de particulares están chamados a limpar as praias e denunciar esta problemática ambiental.

Como sabedes cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematan nos océanos. Moito deste lixo provén da industria do mar (pescas, extraccións...), pero unha gran parte chega das nosas casas.

O obxectivo destas limpeza é eliminar parte dos residuos que están nas praias, así como dar unha chamada de atención sobre esta problemática.

As entidades participantes contarán con asesoramento, material divulgativo, protocolo de limpeza e publicidade.

Se tedes interese en participar contacta con nós escribindo un correo a : txazar@adega.es ou chamando ao : 699 217 310

Descargas

- Protocolo de Limpeza de Praias
- Cartaz XI Limpeza Simultánea de Praias



Federación Ecoloxista Galega

MEDIO MARIÑO, RESIDUOS, XERAL

Súmate á XI Limpeza Simultánea de Praias os días 14 e 15 de outubro

4 OUTUBRO 2022



Infomoiño.com ¡Podemos ayudarte! Gestionamos las Relaciones Sociales de tu empresa

Inicio | Noticias | Cultura, Ocio y Turismo | Especiales | Deportes | Tus cosas | Empleo

CORONAVIRUS | CULTURA | DEPORTE | FUTUR | POLITICA | SUCEOS | TEATRO | TURISMO

Súmate á XI Limpeza Simultánea de Praias o sábado 15 de outubro na Praia do Codesal

Podés realizar a túa inscrición chamando ao Concello da Guarda ao 986 61 0000.





PROVINCIA

Máis dun milleiro de participantes na XI Limpeza Simultánea de Praias

POR XORNAL DE LUGO · 23 OUTUBRO, 2022



Durante a fin de semana do 14 ao 15 de outubro, máis de 30 entidades xuntaron a máis dun milleiro de persoas as cales sumaron os seus esforzos ao longo do litoral galego para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño. Nesta undécima edición da Limpeza Simultánea de Praias retirouse, en total, case unha tonelada de lixo dos nosos areais. Aínda que o tempo non acompañou, non foi impedimento para a maioría das persoas voluntarias realizaran a acción, aínda que algunhas foron canceladas e intentarán facelo ao longo desta semana.

Na actividade coordinada por ADEGA, participaron centros de ensino, asociacións, escolas de surf, particulares de todo o territorio galego, que traballaron de xeito organizado na praia elixida por eles mesmos.

De entre o lixo retirado, tiveron moita presenza as cabichas, os paquitos dos ouvidos, algunhas máscaras e, como vén sendo habitual restos plásticos. Ademais, adoitan aparecer residuos menos convencionais como



XORNAL DE LUGO

Diario de información xeral encol de Lugo e a súa provincia.

0 GUSTAME

0 COMENTARIOS



A rapazada de Portosín e Muros botouse aos areais para colaborar na XI Limpeza Simultánea de Praias

0 Outubro 24, 2022 · 5 P.

Durante a pasada fin de semana (14 e 15 de outubro), máis de 30 entidades e máis de 1.000 persoas de toda a xeografía galega sumaron os seus esforzos ao longo do noso litoral para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño. Fixérono ao abeiro de undécima edición da Limpeza Simultánea de Praias de ADEGA. Retirouse en total unha tonelada de refugallo dos nosos areais. Colaboraron as rapazas e rapaces do CEIP de Portosín (días antes da limpeza simultánea desta finde) e tamén da Escola de Educación Infantil de Muros.



Lixo recollido pola rapazada de Muros

Foz agradece a participación da cidadanía na XI Limpeza Simultánea de Praias

O obxectivo principal desta actividade e concienciar á sociedade da problemática dos residuos no medio mariño e da necesidade da redución de plásticos e envases.

By Redacción · 17 Outubro, 2022



O Concello de Foz agradece o **interese dos participantes na XI Limpeza simultánea de praias, organizada por ADEGA coa colaboración do Departamento de Medio Ambiente de Foz.** Encontráronse máis de 250 kg de lixo (aparelos de pesca, envases de todo tipo, pneumáticos...) na praia dos Alemáns, que afortunadamente puideron ser retirados polas persoas participantes.



Inicio · MEDIO AMBIENTE · Ancoradouro e Mourisca, praias elixidas para a limpeza simultánea de areais galegos

ANCORADOURO E MOURISCA, PRAIAS ELIXIDAS PARA A LIMPEZA SIMULTÁNEA DE AREAIS GALEGOS

MEDIO AMBIENTE

PUBLICADO O 17 OUTUBRO, 2022



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organiza este venres e sábado a **XI Limpeza Simultánea de Praias**, que se desenvolve nun gran número de **areais galegos**. Este ano Bueu tamén participará na actividade coa **limpeza das praias de Ancoradouro e Mourisca**, na zona de Cabo Udra.



ÚLTIMAS

SOCIEDADE

O CONCELLO PRESENTA O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO CENTRO DE BELUSO

O alcalde, Félix Banaiz, mantén hoxe unha reunión coa veciñanza ás 19 horas na...

27 Xaneiro, 2023

SOCIEDADE

CONDENADO A 5 ANOS DE PRISIÓN UN VECIÑO DE BUEU POR TRAFICAR CON COCAINA E HAXIX

No escrito de acusación relátase que cando o acusado foi detido contíñanlle nunha...

25 Xaneiro, 2023

SOCIEDADE

ABRE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA OS OBRADOIROS DE MEMORIA

O Concello de Bueu vén de abrir o prazo de inscrición para...

INICIO > > Nigrán abre as inscricións para participar na "Limpeza Simultánea de Praias" organizada con Adega

Nigrán abre as inscricións para participar na "Limpeza Simultánea de Praias" organizada con Adega

08/10/2022 Redacción



RÁN

BAITERRA asesores
Ciudad de Vigo, 5, Bajo - Baiona
Tlf: 986 357 417 - 660 441 126



21 Noticias

Adega convoca unha limpeza simultánea de praias para os días 14 e 15 de outubro

08/10/2022 Redacción Galiza Deixa un comentario



ADEGA convoca un ano máis a Limpeza Simultánea de Praias, que desta volta ocada a súa XI edición, e terá lugar no fin de semana do 14 e 15 de outubro. Esta xornada de voluntariado ambiental ten o propósito de concienciar a sociedade no tanto contra a contaminación marítima.

Foron chamados a participar nesta limpeza simultánea de praias e denunciar esta problemática ambiental os centros de ensino, escolas de surf e mergullo, clubs de parangolismo e vela, pescadores, mariscadores, concellos do litoral, e entidades de todo tipo de Galiza, tanto públicas como privadas, ademais dos propios particulares.

As limpeza serán ecolóxicas, non mecanizadas, e tratarán de eliminar toda parte dos residuos que están nos praias coa idea de chamar a atención da sociedade sobre a súa contaminación procedente nomeadamente de terra adentro. As principais causas desta problemática ambiental débense situar no modelo de consumo e produción baseado no modelo "usar e tirar", o difícil xeiro dos residuos que xeramos e o feito de concienciar en algúns sectores da poboación. Todo iso provoca que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo remanen nos océanos, procedentes en parte da industria do mar (pescas, embarcacións...), pero tamén dos nosos fogares.

Actualmente xa hai preto de 30 anos e 20 entidades voluntarias convocadas para a limpeza de praias e mantense aberto o prazo para as novas adhesións. ADEGA ofrecerá asesoramento ás entidades participantes e preparará material divulgativo e os protocolos de limpeza.

[Facebook](#) [Twitter](#) [LinkedIn](#) [Pinterest](#) [Google+](#) [Email](#)

Twitter

Tweets de @21NoticiasCom Seguir

21Noticias @21NoticiasCom · 7h
Lo que é lo mejor no te contaron del fin de semana en la orera - jornada 17



participa en la XI Limpieza Simultánea de Playas de ADEGA

12 octubre, 2022

Comentarios desactivados
en La Agrupación Instrutiva de Caamouco participa en la XI Limpieza Simultánea de Playas de ADEGA.
820 Vistas



La Agrupación Instrutiva de Caamouco va a participar en la XI Limpieza Simultánea de Playas que organiza ADEGA (Asociación para la Defensa Ecológica de Galicia). Se trata de la tercera ocasión en la que la Sociedad toma parte en esta iniciativa, en la que colabora el Ayuntamiento de Ares.

La jornada sirve para visibilizar el grave problema de la basura en el mar y el impacto que los desechos tienen sobre los arenales y la costa en general. La convocatoria está abierta al público en general. Desde la Junta Directiva hacen un especial llamamiento a la implicación de los jóvenes en esta actividad.

«Se trata de una actividad pensada para todos los públicos, pero en la Agrupación queremos poner el foco en los jóvenes. Es el momento de que tomen conciencia de la necesidad de cuidar nuestro planeta, una tarea que debe comenzar por lo local y por proteger aquello

O CEIP de Caión coordina e colabora na XI Limpeza colectiva de praias de ADEGA.

Mar, 11/08/2022 - 11:14 — José



Outro ano máis colaboraremos na **limpeza** organizada pola ADEGA **simultaneamente** en varios puntos de Galicia.

Ante o **gran problema** que está a supoñer a **contaminación dos nosos mares** polo vertido indiscriminado de lixo e plásticos, parecemos de vital importancia **inculcar no noso alumnado actitudes de respecto e coidado do medio ambiente**, e coidamos que non hai mellor maneira de facelo que atallando o problema dende o máis próximo, o que ven cada día.

Por esta razón recibimos a **invitación por parte da ADEGA** (Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia) de colaborar nesta **XI Edición da limpeza de simultánea de praias**. Esta gran recollida estaba planificada para outubro, mais vimonos na obriga de adiala. Finalmente faremosla o **xoves 10 de novembro**. As previsións meteorolóxicas son boas, polo que agardamos non ter que adiar a data. Esta actividade está enmarcada dentro do proxecto no que empezamos este curso: **"Voz Natura"**.

Nesta edición volveremos a contar coa **colaboración e implicación do alumnado de outros centros do Concello**. Así asistirán as crianzas de 5º e 6º do **CEIP Alfredo Brañas**, de Paosaco e os de 6º curso do **CEIP Ramón Otero Pedraya**, da Laracha.

O **Concello da Laracha** tamén colaborará dun xeito activo, facilitando medios e materiais precisos para que a limpeza poida facerse segura e eficazmente. **Recomendamos a todo o alumnado que veña con lubas** (a pesar de que o Concello aportará algúns de latex para quen non teña). Deste xeito xeraremos menos lixo e poderedes reutilizalos na casa para outras actividades. Asemade cómpre traer calzado e roupa adecuada a situación

Súmate á XI Limpeza Simultánea de Praias o sábado 15 de outubro na Praia do Codesal

* **Sábado 15 de outubro ás 11:00h na Praia do Codesal.**

* **Podes realizar a túa inscrición chamando ao Concello da Guarda ao 986 61 0000.**


ADEGA convoca un ano máis a Limpeza Simultánea de Praias, que desta volta acada a súa XI edición, e terá lugar na fin de semana do 14 e 15 de outubro. Esta xornada de voluntariado ambiental ten o propósito de concienciar a sociedade na loita contra a contaminación mariña.

Foron chamados a participar nesta limpeza simultánea de praias e denunciar esta problemática ambiental os centros de ensino, escolas de surf e mergullo, clubs de piragüismo e vela, pescadores, mariscadoras, concellos do litoral, e entidades de todo tipo de Galiza, tanto públicas como privadas, ademais das persoas particulares, este ano o Concello da Guarda adheriuse a esta limpeza e acollerá este evento na xornada do sábado día 15 de outubro a partires das 11:00h na Praia do Codesal.

As limpezas serán ecolóxicas, non mecanizadas, e tratarán de eliminar boa parte dos residuos que están nas praias coa idea de chamar a atención da sociedade sobre a súa contaminación procedente nomeadamente de terra adentro. As principais causas desta problemática ambiental débense situar no modelo de consumo e produción baseado no modelo "usar e tirar", a deficiente xestión dos residuos que xeramos e a falta de concienciación dalgúns sectores da poboación. Todo iso provoca que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematen nos océanos, procedentes en parte da industria do mar (pesca, extraccións...), pero tamén dos nosos fogares.

Podes realizar a túa inscrición chamando ao Concello da Guarda ao 986 61 0000.

Concello de A Guarda



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental

adega@adega.gal
www.adega.gal

Coordinación:
Díaz Feijóo Itziar